

O retrato dun artista postadolescente

O PASO EN FALSO

ABRAHAM PÉREZ

Editorial Galaxia | 2023 | 178 páxinas

“**M**úsica improvisada”, “espasmódicos movementos ao sol”, “o canto das sereas (fragmentos dun diario impresionista case completo)” e “os inocentes” son as catro partes nas que a historia de Abraham Pérez presenta ao noso protagonista, Manuel. A metaliteratura é o *leitmotiv* da peza, máis posmoderna que moderna, máis fragmentaria que lineal.

Comezamos a nosa andaina polo universo universitario de Manuel: “música improvisada”. Neste primeiro capítulo, Santiago de Compostela aparece como coprotagonista. A interioridade do “eu” aflora para achegarnos a un mundo afastado das grandes xestas do pasado e dar a benvida, así, ao presente dun estudante de filoloxía galega de segundo ano. A voz de Manuel, con ecos de Joyce, relata unha “existencia aqueloutrada baseada fundamentalmente en andar de troula” e en “ler [...]: unha postadolescencia anestesiada polo esforzo” duns pais que buscaban que el “estudase unha carreira que todos os anos producía centos de licenciados que o sistema laboral non demandaba”.

O esperpento de Valle-Inclán renace e envolve o relato de ironía, humor e crítica: “los héroes clásicos reflejados en los espejos cóncavos dan el Esperpento”. O moderno Max Estrella galego non busca outra cousa que

ABRAHAM PEREZ

O PASO EN FALSO



"existir". Manuel é o arremedo dunha nova etapa vital e dá voz ás preocupacións dos novos postadolescentes: os breves amoríos truncados pola esperanza dun amor mellor, as amizades que collen distintos camiños unha vez chegada a universidade, os que están, os que deixan de estar, a esmorga...

Na segunda parte, "espasmódicos movementos ao sol", é cando o lector esperta. A fragmentariedade chega e reclama a actividade dun espectador que, ata ese momento, se introducira no relato primopersoal do novo Max. Xa non coñecemos o que lle sucede mergullándonos na súa interioridade, senón que aparecen distintos "caixóns" que relatan o último encontro co noso protagonista: "Marta Puga Bouza, Praza de Cervantes, Santiago de Compostela, 2018. Manuel Bugallal, aí Manuel Bugallal. Que dicir?! Non podo negar que durante un tempo si que o quixen..."

Desta forma, facémonos unha idea do que lle sucede, como lle foi tras rematar a carreira universitaria ou, simplemente, onde quedaron as relacións narradas no primeiro capítulo. Logramos ver a vida non unicamente a través del, senón tamén a través doutros. Xogamos, por tanto, a ser os detectives dun fragmento de vida.

Esta forma detectivesca fai que o autor xogue cos elementos da narración. Así, o penúltimo capítulo preléntase en forma de diario, e soamente coñecemos o que lle acontece ao protagonista polo que el escribe: "9 de xaneiro [...]. Hai tempo que non aparezo por aquí. Son consciente de que hai cousas que se perderon por non deixalas anotadas".

Volvemos ao momento no que se detivera a narración ao final do primeiro capítulo: a solicitude para facer un intercambio no seu terceiro ano. Madrid, agora, é a cidade protagonista e a soidade aférrase del. A itinerancia da postadolescencia vai ensombrecéndose: "12 de novembro. Teño que recoñecer que, despois de máis dun mes en Madrid, foi hoxe cando souben por primeira vez o que significa vivir nunha cidade grande". "18 de novembro [...].

Fixeime nas rúas, nos edificios, con tons que fan a cidade gris, decadente, mais con certa vitalidade. Vitalidade que mostraba a xente, fluíndo, agromando sen parar, cada un coa súa vida, coa súa indiferenza".

A aurora neoiorquina de Federico García Lorca ou a soidade de Manuel Antonio son algunhas das reminiscencias do pasado que resoan a través das descrições, dos títulos escollidos e que conviven coa multitude de referencias intertextuais. A novela presenta un itinerario non só persoal, senón tamén un percorrido pola historia da literatura universal e galega.

"Os inocentes", a derradeira parte da peza, chega para confirmar a morte da modernidade: "non había Penélope nin tampouco era tempo de Dedalus nin de Solovio nin de pensar nun Telémaco". O ismo surrealista chega para amosarnos o mundo da inconsciencia no que a literatura, que está sempre presente, termina reflectindo de cheo a posmodernidade, coma un manifesto da propia peza do autor: a obra dentro da obra.

O paso en falso é, con todo, ao xeito dunha "nivola" unamuniana, unha antinovela na que "non hai Ítaca, nin tan sequera unha Penélope. Só intentos, cruzamentos, fracasos". É unha actualización das grandes preocupacións humanas nunha atmosfera galega, próxima ao público lector. Polo tanto, cumpre, tal e como manifesta o autor na súa dedicatoria, cos anhelos dunha nai que soñou con ter un fillo novelista e coas expectativas dun lector que busca novas formas de narrar: do retrato do artista adolescente de James Joyce ao retrato dun artista postadolescente galego ■ **Paula Viñas Romar**

Anatol e Compostela nos 90

ANATOL E DOUS MÁIS

BLANCA RIESTRA

Editorial Galaxia | 2023 | 148 páxinas

No ano 2023 asistimos a traducións tan interesantes e necesarias na nosa lingua como *Anatol e dous máis* de Blanca Riestra. Anteriormente, a autora deleitounos con dúas obras nesta editorial: *Noire Compostela* (2016) e *Aquí comeza o mar* (2022), premio de novela Eduardo Blanco Amor 2021. A obra en castelán da escritora coruñesa comeza con esta mesma que escribe durante os seus anos de estudante de Filoloxía Hispánica en Santiago de Compostela e que ve a luz en 1996. Ademais, destacan obras galardoadas como: *La canción de las cerezas* (Algaida, 2001), Premio Ateneo Joven de Sevilla e *El Sueño de Borges* (Algaida, 2005), Premio Tigre Juan de novela.

En *Anatol e dous máis*, calquera que estudase en Santiago identificarase con Paula, Gustavo e Anatol. Nesta novela, alén dos tres estudantes protagonistas, hai que sumar un cuarto: Compostela, cidade con identidade e personalidade propias pola que transitan os tres amigos.

Nesta reedición en galego tres decenios máis tarde, unha das decisións determinantes foi manter intacta a visión de xénero na que se plasma como eran as relacións